

Le os textos seguintes e responde ás cuestións plantexadas a continuación.

Texto 1:

Existen en árabe ó redor de 400 palabras que corresponden a unha soa palabra inglesa, que é "camello". O árabe que comercia con camellos pode diferenciar ou distinguir os camellos por idade, sexo e polas cualidades da casta ou da cría. Unha camella preñada é designada por unha palabra especial, como o son as que son usada para diferentes tarefas. O home da cultura occidental que ve un grupo de camellos pode advertir certas diferencias de cor e outras características, pero certamente non será quen de facer todas as distincións do comerciante árabe. Dous camellos que parecen ser enteramente iguais para o ollo occidental poden ser advertidos como animais totalmente diferentes para o árabe.

Un exemplo semellante a éste atópase na linguaxe esquimal: existen diversas palabras que corresponden á palabra "neve". O esquimal distingue variedades da neve que son de difícil distinción para nos. De xeito semellante, as peles de distinta calidade son facilmente distinguidas polos esquimais, que posúen vocablos para cada un destes graos. Para o ollo non educado estas peles son análogas e semellan da mesma calidade.

B.L. Whorf *Linguaxe, pensamento e realidade.*

1. Explica o motivo e a consecuencia de que en galego, castelán ou inglés teñamos unha soa palabra para designar "camello".
2. De estarmos dacordo con B.L. Whorf cres que é mellor dicir que os diversos grupos sociais vivimos no mesmo mundo, nomeandoo con distintas "etiquetas", ou é preferible dicir que se trata de "mundos" distintos? Razoa a túa resposta.
3. Achega exemplos da túa lingua que servan para explicar o mesmo que trata de explicar B.L. Whorf neste texto.

Texto 2:

Lakoff e Johnson propoñen o exemplo da metáfora "*A discusión é unha guerra*". Esta metáfora é conceptual e é mais que unha expresión lingüística, posto que sobre ela se construíron unha serie de expresións comúns: "*As túas peticións son insostibles*", "*Él atacou todos os puntos débiles da miña argumentación*", "*As súas críticas deron no branco*", "*Desarmou a súa teoría*", etc. Estas expresións non son simples formas porque, en efecto, nos a miúdo concebimos las discusións como guerras que se perden ou se gañan. Deste xeito, moitos dos comportamentos que se adoptan nunha discusión estrutúranse efectivamente en termos de guerra. Outro exemplo podería ser a metáfora: "*O tempo é ouro*", por iso pérdese tempo, afórrase tempo, úsase tempo ou malgástase ou remátase o tempo. Todo isto quere dicir tamén que as metáforas permítenos comprender áreas conceptuais abstractas ou que poden aparecer pouco estruturadas en termos mais concretos ou mais estruturados. Ademais, quero engadir que culturas diferentes poden representar a realidade según

metáforas diferentes, de tal xeito que comprenderse significa facer que as metáforas dialoguen entre si.

Stefano Arduini, “Metáfora y cultura en la traducción”

1. Segundo Stefano Arduini a metáfora é mais que unha expresión lingüística. Que dúas características subliña o aoutor das metáforas?
2. O autor afirma que comprenderse é “facer que as metáforas dialguen entre si”. Explica esta definición á luz da hipótese Sapir-Whorf.
3. En que medida podemos aplicar o que se afirma no texto para as metáforas dos refráns e modismos dunha lingua? Pon algún exemplo.

RESPOSTAS

Texto 1:

1. Motivo: Non hai na sociedade galega, inglesa , española ou hispana necesidade de distinguir e diferenciar entre os diferentes tipos de camellos. Consecuencia: Se temos ante nos diferentes camellos non seremos quen de clasificalos e distinguilos. So podemos dicir cousas como “este é máis claro, aquel é máis grande”.
2. Debes razoar a túa resposta, máis dacordo con Whorf semella que “vivimos en mundos sistintos” pois de todas a variedade de características e peculiaridades que ten a realidade distinguimos as que estamos educados a “ver” e as demais nos pasan inadvertidas. Pensamos e vemos o mundo de xeito tan diverso que podemos dicir que hai mundos distintos. Aínda na mesma cultura un pintor e un meteorólogo ven na mesma paisaxe cousas diferentes.
3. Propón os teus propios exemplos. Lembra os que aparecian no documento base desta unidade, a microtoponimia galega ou a riqueza léxica para designar choiva ou neboa.

Texto 2:

1. A metáfora é conceptual (fainos pensar a realidade dun xeito e, así, sobre ela se construen mais expresións e é capaz de modelar o comportamento.
2. Comprenderse é facer que as metáforas dialoguen entre sí significa que persoas de mundos diferentes, conceptualizados de xeito diferente non se comprenderían traducindo só os termos de cada lingua, é necesario “taducir”, poñer en dialogo, facer que se entendan, as metaforas que cada lingua usa.
3. O que se afirma no texto para as metáforas vale para os refráns e modismos dunha lingua, estes non fan pensar a realidade dunha maneira e tamén poden modular o noso comportamento. Pode dicirse tamén o mesmo con respecto a traducción. Se convivimos con unha persoa dunha cultura distante ou cun idioma moi diferente non abondará con traducir o lexico da nosa lingua nin explicar as nosas regras gramaticais. Atoparémonos en ocasións traducindo refráns e modismos. Por exemplo queremos explicar un enfado cunha terceira persoa e dicimos que estamos molestos porque “ninguén lle deu vela neste enterro”. Probablemente é este modismo o que teremos que explicar a seguir facendolle comprender que non hai enterro ningún pero non nos gustan as persoas entrometidas, o que entendemos por intromisión, etc...